



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (CMATV), E A AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA, PARA A PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE E INFORMACIÓN OCEANOMETEOROLÓXICA NO ENTORNO DO PORTO DE MARÍN

En Marín,

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), nomeada para dito cargo polo Decreto 94/2018, de 26 de setembro.

Doutra parte, D. José Benito Suarez Costa, nomeado Presidente da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra por Orde da Consellería do Mar de 25 de maio de 2009, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 103 de 28 de maio de 2009, e a Orde FOM/1537/2009, de 29 de maio, publicada no Boletín Oficial do Estado nº 142, de 12 de xuño de 2009, actuando en representación do citado organismo e en virtude das facultades que a tal efecto lle confire o Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Marina Mercante.

As partes, no respectivo carácter e interese co que actúan, recoñécense mutuamente capacidade xurídica e de obrar suficiente para asinar o presente documento e, a tal efecto:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O Decreto 42/2019, de 28 de marzo de 2019, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, atribúe á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (en adiante DXCACC) as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o medio ambiente provoque a actividade humana e dispón as funcións que debe exercer a Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático dentro do ámbito de competencias atribuídas á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

Entre outras, a Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático dispón das





competencias e funcións para a xestión e desenvolvemento do sistema de observación e predición meteorolóxica de Galicia e a súa difusión. Así mesmo, dispón das competencias para o control das redes de calidade do aire, do Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes e a xestión da Rede de Observación Ambiental de Galicia, que inclúe a rede de seguimento do estado ecolóxico das augas de Galicia, en coordinación coa Administración hidráulica e pesqueira. Para elo conta dentro da súa estrutura orgánica co Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (en adiante LMAG).

En canto ás competencias en materia de observación e predición meteorolóxica, a Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático ten como obxectivos principais a elaboración dunha predición meteorolóxica específica para Galicia, a observación de variables ambientais e a prestación doutros servizos en relación coa meteoroloxía e climatoloxía en Galicia. Actualmente conta cunha extensa rede de estacións meteorolóxicas, de calidade do aire e oceanográficas, tendo nas primeiras un sistema de xestión da calidade acreditado pola certificación ISO 9001:2008. As redes de observación complementáanse con modelos predictivos a varios días que permiten predicir o comportamento atmosférico e oceanográfico.

SEGUNDO. Que a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra (en adiante APMRP) é un organismo público coas competencias establecidas no artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, con CIF Q-3667004-J e domicilio no Parque de Cantodarea, s/n (36900), en Marín (Pontevedra).

O Organismo público portuario dispón de diversas infraestruturas, destacando como máis relevantes os peiraos, viais, explanadas e instalacións.

Nas instalacións portuarias de Marín, a Autoridade Portuaria desenvolve actividades directamente relacionadas coa actividade portuaria necesarias para o cumprimento das súas funcións e, ademais, para atender as posibles deficiencias da iniciativa privada, en particular:

- Actividades de ordenación, coordinación e control do tráfico portuario, sinalización e balizamento, da vixilancia e a seguridade, da limpeza, de prevención e control de emerxencias, etc.
- Actividades comerciais que permiten a realización das operacións de tráfico portuario como os servizos técnico-náuticos (practicaxe, remolque, amarre), os servizos ao pasaxe, os servizos de manipulación de mercadorías e os servizos de recepción de residuos xerados por buques.

TERCEIRO. A CMATV e a APMRP son conscientes da necesidade de colaborar no control e verificación do cumprimento dos requisitos legais aplicables en materia de medio ambiente ás actividades comerciais desenvolvidas dentro da zona de Servizo do Porto de Marín, de establecer mecanismos de formación, sensibilización e asesoramento que





fomenten a mellora do comportamento ambiental nas actividades portuarias, e no desenvolvemento e aproveitamento de recursos de seguimento de variables oceanometeorolóxicas e de modelos numéricos de diagnose e de predición para a redución de riscos nas operacións de tráfico e explotación portuario.

Por lo exposto, as partes intervenientes, na representación que ostentan, formalizan neste acto un convenio en materia de protección do medio ambiente e información oceanometeorolóxica no entorno do Porto de Marín, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste Convenio é o mantemento de aquelas estacións meteorolóxicas que se instalen no recinto portuario nos termos desenvolvidos no presente convenio, resultado da colaboración entre a CMATV e APMRP no ámbito da protección do medio ambiente, da preservación dos recursos naturais e da xestión de riscos oceanometeorolóxicos na zona de servizo do Porto de Marín, coa finalidade de estender o control dos aspectos ambientais e a prevención de riscos operacionais e ambientais derivados das actividades comerciais a toda a zona de servizo do Porto de Marín.

SEGUNDA.- Compromisos asumidos pola Autoridade Portuaria

Instrumentos oceanometeorolóxicos.

La APMRP dispón dunha estación meteorolóxica propiedade do Porto e situada na sede administrativa do organismo que consta da seguinte instrumentación: pluviómetro, anemómetro, sonda de temperatura e humidade, piranómetro e sonda de presión.

En caso de que estes equipos necesiten ser reparados ou substituídos, o Porto de Marín asumirá os custes correspondentes.

O Porto facilitará o acceso ás instalacións aos técnicos que designe a CMATV para levar a cabo os labores de mantemento.

Portos do Estado instalará no ámbito do proxecto SAMOA 2 unha estación meteorolóxica na posición do seu mareógrafo que será mantida por Portos do Estado.

TERCEIRA.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLA XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CMATV.

Se resultara de interese para calquera das partes asinantes, as estacións





oceanometeorolóxicas e ambientais pertencentes á APMRP poderán compreméntarse con novos sensores meteorolóxicos ou oceanográficos, a adquirir pola parte interesada.

Estacións meteorolóxicas.

A CMATV encargárase do mantemento preventivo anual e dos mantementos correctivos da estación meteorolóxica automática situada no Porto de Marín. Tamén se encargará, unha vez acordado pola Comisión de Seguimento, do mantemento de aquelas estacións meteorolóxicas novas que se instalen no recinto portuario.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o desenvolvemento, seguimento e interpretación deste Convenio crearase unha Comisión Mixta, composta polos representantes de cada Organismo.

- Por parte da Consellería:

A Subdirectora Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático
A Subdirectora Xeral de Coordinación Ambiental
o quen lles substitúan no caso de ausencia, vacante ou enfermidade.

- Por parte da APMRP:

O responsable de Explotación e Operacións Portuarias
O Responsable de Sostibilidade ou quen lles substitúan no caso de ausencia, vacante ou enfermidade.

A Comisión de Seguimento reunirse a lo menos unha vez por ano, ademais de aquelas que se convoquen a proposta de algunha das partes.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as atribuídas no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ademais das seguintes:

- A organización dos cursos, xornadas e actividades formativas.
- A proposta de iniciativas de fomento da preservación dos recursos naturais no entorno do porto.

QUINTA.- VIXENCIA

A duración do convenio será de 4 anos desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público (artigo 48.8 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Antes da finalización deste período ambas partes avaliarán a posibilidade e poderán acordar unanimemente realizar unha prórroga do convenio por un período de ata 4 anos adicionais, sen prexuízo de que algunha das partes manifeste a súa vontade de extingui-lo antes de que transcorra o prazo de vixencia inicial.

SEXTA.- FINANCIAMENTO

Este convenio non terá custe económico para as partes intervenientes, dado que o seu obxecto derívase da realización das competencias propias das partes intervenientes.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN E UTILIZACIÓN DOS RESULTADOS

A publicación ou difusión dos resultados obtidos como resultado do desenvolvemento deste convenio deberán realizarse sempre coa autorización de todas as entidades, e poderá ser revisada por calquera das partes antes da súa publicación.

Calquera que sexa o medio de difusión empregado, ambas partes asinantes comprométense a facer mención expresa do presente Convenio.

OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente Convenio resolverase polo disposto no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en particular:

- Cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto.
- Incumprimento parcial ou total das cláusulas que o regulan.
- Transcurso do tempo estipulado, sen que se culminen as actividades acordadas.
- Denuncia de calquera das partes asinantes, cun prazo non inferior a 6 meses de antelación á data na que se desexe cancelar o Convenio, mediante comunicación escrita dunha parte á outra, aportando xustificación das razóns aducidas.
- Mutuo acordo entre as partes asinantes.

NOVENA.- RECURSOS HUMANOS

En relación co persoal alleo ás entidades convenientes que participe nestas actuacións, en ningún caso derivarase vínculo xurídico nin relación laboral nin estatutaria coa Xunta de Galicia e a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, nin máis compromisos cos estipulados no presente convenio.

En relación co persoal de cada parte que participe nestas actuacións, en ningún caso





derivarase deste convenio vínculo xurídico nin relación laboral nin estatutaria coa outra parte, nin máis compromisos cos estipulados no presente convenio.

DÉCIMA.- CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE E NON REVELACIÓN DE INFORMACIÓN.

Conforme á vixente lexislación en materia de protección de datos, Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as partes que interveñen no presente convenio, están obrigados a actuar coa máxima dilixencia debida e respecto á confidencialidade e segredo profesional.

En particular, as partes asinantes acordan o seguinte:

1. Que a información manexada nas actuacións que teñan lugar, poderá ter carácter confidencial e polo tanto que se asume o compromiso de confidencialidade e absoluto segredo, respecto de calquera información á que puideran ter acceso como consecuencia das actuacións vinculadas ao presente convenio. Dita obriga subsistirá incluso despois de rematar a vivencia do mesmo.
2. Que as partes asinantes deberán dar a coñecer o contido da presente cláusula de confidencialidade aos seus empregados e de implantar as medidas de control necesarias para verificar a súa difusión e cumprimento.
3. Que as partes asinantes asumirán as responsabilidades que se puideran derivar do incumprimento das obrigas mencionadas na presente cláusula.
4. Que de acordo coa base legal existente, a información so se pode utilizar para os fins establecidos no presente convenio, sen que o poida ser para fins distintos aos mesmos.
5. Que a información á que se acceda non poderá cederse ou entregarse a terceiras persoas, empresas ou organismos alleas ás vinculadas ao convenio.
6. Asumir todos os protocolos de seguridade que se desenvolvan nos sistemas de información e a obriga de poñer en coñecemento dos responsables calquera anomalía detectada nos sistemas de información.

DÉCIMO PRIMEIRA.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

As partes comprométense a cumprir estritamente o establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas, polo que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos.



DÉCIMO SEGUNDA.- COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

Segundo o artigo 24º da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, as empresas responsables dos mantementos de estacións meteorolóxicas, de control de calidade do aire, de control de calidade da auga ou outros dispositivos de medición de variables ambientais, cando pretendan realizar algunha actividade dentro da Zona de Servizo da Autoridade Portuaria, a cal poida xerar ou estar exposta a riscos, deberá acreditar haber levado a cabo a coordinación de actividades empresariais coa APMRP. Para calquera consulta ou aclaración ao respecto, poden poñerse en contacto co Responsable de Sustentabilidade da Autoridade Portuaria.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO

Conforme ao establecido na normativa de contratación do sector público, este convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, quedando sometido ao réxime xurídico dos convenios previsto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O réxime de modificación do convenio será o establecido no artigo 49.g) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, requirindo acordo unánime dos asinantes.

Este Convenio ten natureza administrativa. Sen prexuízo das funcións da comisión de seguimento, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir en torno a súa interpretación, aplicación, modificación, resolución e efectos corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- REXISTRO DE CONVENIOS

Este Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de convenios ao amparo do Decreto 126/2006, de 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, así como en aqueles outros rexistros nos que sexa obrigatoria a súa inclusión de acordo coa normativa vixente.

En particular, será obxecto de inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público, cos efectos contemplados no artigo 48.8 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, así como o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG N.º 30 de 15 de febreiro) e do Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de





convenios da Xunta de Galicia (DOG N.º 149 de 3 de agosto).

DÉCIMO SEXTA.- NOTIFICACIÓNS

Calquera notificación entre as partes deberá realizarse por escrito a:

- Pola Consellería:
A Subdirectora Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático.
- Por APMRP:
O Presidente.

Este Convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e somete a todas as partes ao acordado en todas as cláusulas.

En proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente este Convenio, nas linguas galega e castelá, na data sinalada.

**Pola Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda,**

**Pola Autoridade Portuaria de Marín e Ría
de Pontevedra,**

A Conselleira,

O Presidente,

Dna. Ángeles Vázquez Mejuto

D. José Benito Suárez Costa





ANEXO

DESCRIPCIÓN DE EQUIPOS; ESTACIONES: Se procede

- Datalogger Campbell CR1000
- Router 4G Sierra RV50 con antena
- Batería e soporte
- Regulador de carga 220V/12
- Armario intemperie
- Pluviómetro Lambrecht
- Anemómetro Young Marine
- Sonda temperatura e humidade Vaisala HMP155
- Protector de radiación para sonda T/H
- Piranómetro CMP3 Kipp&Zonen
- Sonda de presión Vaisala PTB110

